



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 28 DE OUTUBRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES

LIC/630/2019.- AMANCENAJE GALCOURIER, S. L.- Conceder licenza de obras de demolición de edificacións existentes na Vía Pasteur, 20 B.

LIC/1969/2017.- FINANCIERA MADERERA, S. A.- Conceder licenza de obras de movemento de terras e outras complementarias para ampliación de parque de madeiras da factoría FINSA na rúa Murcia, 2.

LIC/1737/2018.- ANTONIO CAAMAÑO MONTEAGUDO.- Conceder licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda situada na Ribeira de San Lourenzo, 24.

LIC/92/2019.- JAIME VEIGA MATEOS.- Conceder licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Campo do Cruceiro do Gaio, 9.

LIC/680/2019.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS VISTA ALEGRE 3 – BISPO DIEGO PELÁEZ 5.- Conceder licenza para executar obras de instalación dun ascensor, reforma de zonas comúns rehabilitación da envolvente exterior dun edificio de vivendas na rúa Bispo Diego Peláez, 5.

LIC/1844/2018.- JOSÉ MANUEL GÓMEZ FERNÁNDEZ E DONA MARÍA DIAZ MARTÍNEZ.- Conceder licenza para executar obras de reforma de vivenda en plantas, segunda e baixo cuberta e de garaxe en planta semisoto en rúa Betanzos, 60.

DESFAVORABLE.-

LIC/1379/2018.- ALESSANDRO DE DONNO.- Rexeitar o recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24 de xuño de 2019 ó non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recurrido, que se mantén en tódolos seus termos.

LIC/605/2018.- ESTHER VÁZQUEZ CARBIA.- Arquivar o procedemento de declaración de ineficacia da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela en sesión de 2 de novembro de 2018, segundo o AUTO de 28/09/2018 do XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO N1 de Santiago de Compostela, para executar obras de reforma da edificación sita na rúa Foxeira nº 3 que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta e dar traslado do acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela.

2.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de demolición de edificacións existentes na Vía Pasteur, 20 B. LIC/630/2019. Apróbase a licenza.

3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras de movemento de terras e outras complementarias para ampliación de parque de madeiras da factoría FINSA na rúa Murcia, 2. LIC/1969/2017. Apróbase a licenza.

4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda situada na Ribeira de San Lourenzo, 24. LIC/1737/2018. Apróbase a licenza.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dunha vivenda unifamiliar situada na rúa Campo do Cruceiro do Gaio, 9. LIC/92/2019. Apróbase a licenza.

6.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar obras de instalación dun ascensor, reforma de zonas comúns e rehabilitación da envolvente exterior dun edificio de vivendas na rúa Bispo Diego Peláez, 5. LIC/680/2019. Apróbase a licenza.

7.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza para executar obras de reforma de vivenda en plantas segunda e baixo cuberta, e de garaxe en planta semisoto en rúa Betanzos, 60. LIC/1844/2018. Apróbase a licenza.

8.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao rexeitamento do recurso de reposición interposto contra o acordo da sesión de 24 de xuño de 2019 ao non desvirtuar as súas alegacións os fundamentos fácticos e xurídicos do acordo recorrido, que se mantén en todos os seus termos. LIC/1379/2018. Apróbase a proposta.

9.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa ao arquivo do procedemento de declaración de ineficacia da licenza concedida na sesión de 2 .11.18, segundo o AUTO de 28/09/2018 do XDO. CONTENCIOSO/ADMTVO Nº 1 de Santiago, para executar obras de reforma da edificación sita na rúa Foxeira nº 3, que inclúen a derruba e posterior reconstrución da cuberta; e dar traslado do acordo ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. LIC/605/2018. Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á corrección dun erro producido no punto nº 10 da sesión de 21.10.19, de aprobación inicial do Plan Parcial de Ordenación do SUND-8. (Monte Vidán). Apróbase a proposta.

11.- Memoria-proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á resolución conxunta do Concello, da Xunta de Galicia e da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia, aprobatoria da convocatoria dunha consulta aberta para o despregamento de redes de telecomunicación baseadas en fibra óptica no conxunto histórico da cidade.

Tómase coñecemento da resolución conxunta da Consellería de Cultura e Turismo, da Axencia para a modernización tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), pola que se aproba a convocatoria dunha consulta aberta para o despregamento de redes de telecomunicación baseadas en fibra óptica no conxunto histórico da cidade.

Esta convocatoria xorde a raíz da *Guía de boas prácticas para actuacións de tendido da rede de fibra óptica en contornas urbanas de especial protección e conxuntos históricos de Galicia*: un primeiro catálogo, no que colaboraron ambas institucións, de solucións para facilitar a extensión de fibra nos cascos de alto valor patrimonial. Este catálogo analiza o caso de Santiago e define unha serie de propostas para o despregamento da fibra óptica que permitan compatibilizar a protección do patrimonio co despregamento con trazado por cornixa, o soterramento ou a través das redes de saneamento. Neste contexto, co obxecto de coñecer as posibilidades de execución dos eventuais despregamentos, resulta de interese dirixir consultas aos operadores económicos para coñecer de xeito preciso o seu interese neste despregamento coas solucións recollidas na guía e en que condicións técnicas e económicas. O prazo de presentación de propostas comezará ao día seguinte da publicación da resolución na páxina web de AMTEGA.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa ao sometemento da proposta de estrutura de custes do expediente de "Xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros do municipio de Santiago de Compostela, en réxime de concesión administrativa"; a información pública no BOP.

Acórdase o sometemento da proposta de estrutura de custes da xestión do servizo público de transporte colectivo urbano de viaxeiros a información pública no BOP por un prazo de 20 días hábiles.

13 a 23.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.

Apróbanse os devanditos beneficios fiscais.

24.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificación na taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal.

Apróbase a concesión a unha empresa encargada dunha rodaxe cinematográfica.

25.- Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á concesión de bonificación no imposto sobre bens inmobles a solicitude de dona María Becerra Martínez.

Apróbase a proposta.

26.- Propostas da concelleira delegada de Economía e Facenda relativas á concesión de exencións na taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Apróbanse as exencións.

27.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

Apróbase a proposta.

28.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á concesión de residencias de creación artística para proxectos de artes escénicas para o curso 2019-2020, do Concello de Santiago.

Apróbase a resolución da convocatoria de residencias de creacións e estadias técnicas para proxectos de artes escénicas na Sala Agustín Magán, segundo o seguinte cadro:

Compañía	Proxecto	Data entrada	Data ocupación
Verdeveras Expresións Artísticas	Crónica dunha heterosexual insatisfeita	3 outubro 2019	do 23 de marzo ao 3 de abril e do 13 ao 17 de abril
Abismo Caracol	Entelequias	10 outubro 2019	do 27 de xaneiro ao 14 de febreiro
A Vela	El último que apague la luz	15 outubro 2019	do 13 de xaneiro ao 24 de xaneiro e do 24 ao 28 de febreiro de 2020
Voadora	Siglo mío bestia mía	21 outubro 2019	Do 9 ao 20 de marzo
Teatro En-Trance	Euforia	21 outubro 2019	Do 11 ao 14 e do 18 ao 21 de novembro de 2019

29.- Proposta da concelleira delegada de Contratación relativa á corrección de erro material no punto nº 16 da sesión de 21.10.19, de inicio de trámites para a recepción das obras de "Cuberta da pista polideportiva de Verdía. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2018".

Corríxese o erro material.

30.- Proposta do concelleiro delegado de Barrios e Obras relativa á aprobación do expediente de "Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.

Apróbase o expediente, o gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 25.000 máis IVE (5.250 euros), e de acordo co seguinte desglose:

Ano 2019: 22.687,50 euros

Ano 2020: 7.562,50 euros.

31.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio coa Cámara de Comercio de Santiago para o financiamento dos servizos de información, asesoramento e titorización de proxectos empresariais, de fomento do espírito emprendedor no eido educativo, e de programas personalizados de formación para o emprendemento.

Apróbase o convenio no que se recolle unha subvención nominativa por valor de 30.000 euros e que ten por obxecto fomentar e impulsar as actividades de información, formación e mellora da competitividade empresarial que axuden a instalar no territorio os valores asociados ao espírito emprendedor coa fin de adaptarse ás ferramentas claves e básicas no proceso de harmonización social que permita alcanzar un desenvolvemento sostible.

32.- Dar conta polo concelleiro delegado de Medio Rural da aprobación definitiva da 1ª fase do POS+Adicional 1/2019 da Deputación Provincial da Coruña.

Dáse conta da aprobación da primeira fase do POS+Adicional 1/2019 por parte da Deputación da Coruña, que recolle as seguintes obras por un importe total de 722.946,13 euros:

- reparación e consolidación da Ponte de Vidán de Abaixo: 447.065 euros
- rexeneración e reforzo de pavimento da rúa Santa Teresa de Jornet: 219.106,27 euros.
- parque infantil en Coto dos Olmos: 56.774,86

33.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio interadministrativo de cooperación entre o Concello de Santiago e a Deputación da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do FICRURAL 2018-2019.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio polo que se instrumenta unha subvención de 120.000 euros para o financiamento do FICRURAL.

URXENCIAS

1.- Apróbase a solicitude da concesionaria da xestión do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros AUTOBUSES URBANOS DE LUGO, SA Y TRAP, SA UTE LEY 18/1982 (TRALUSA) de substitución de nove autobuses adscritos ao transporte urbano.

2.- Apróbase a solicitude dunha subvención á Consellería de Economía, Emprego e Industria para a prórroga da contratación dun axente de emprego e desenvolvemento local por importe de 15.408,44 euros.

3.- Proposta relativa ao incumprimento do contrato para a prestación do servizo de dinamización e mediación sociocultural da rede de centros cívicos do Concello.

Acórdase:

- Desestimar a primeira das alegacións formuladas pola empresa contratista Ferrovial Servicios SA, xa que en ningún caso se poden considerar individualmente, como feito concreto aillado, cada un dos incumprimentos co ánimo de interpretar que transcorreu o prazo máximo previsto para a imposición das penalidades correspondentes, atopándonos ante unha sucesión de actuacións irregulares que conflúen nun "todo" que é o obxecto último da sanción.
- Desestimar tamén a terceira das alegacións formuladas, sendo esta realmente a que incide sobre o núcleo do expediente, ao poñer en dúbida e intentar rebater os incumprimentos imputados á empresa contratista, xa que os feitos inicialmente denunciados están suficientemente motivados e probados documentalmente, acreditando a existencia dun servizo que presenta serias alteracións que deben ser corrixidas.
- Aplicar o principio de proporcionalidade na cualificación da infracción e na gradación da sanción, estimando así parcialmente a segunda das alegacións formuladas, xa que da documentación achegada pola empresa contratista e da análise realizada pola empresa consultora dedúcese razoablemente que aínda sendo a súa actuación merecedora de reproche non debe ser definida como infracción grave ou moi grave.
- Impoñer á empresa FERROVIAL SERVICIOS SA unha sanción por infracción leve no seu grado máximo por unha contía de 3.005,06 euros.

4.- Apróbase a proposta da Alcaldía de nomeamento de representantes na comisión de seguimento no proxecto Smartiago:

- Gumersindo Guinarte Cabada (secretario da Comisión de seguimento)
- Antón Varela Tourón (asesor en proxectos europeos)
- Jesús Rodríguez Castro (xefe do servizo de Informática).